

A crise do século XVII.

O século XVII aparece asociado en todo o continente europeo ao termo crise. Na monarquía hispana, esta adquiriría unha especial gravidade.

As dificultades socioeconómicas.

Estímase que a poboación española pasou de máis 8 millóns de habitantes contra 1600 a 7-7'5 millóns en 1700. O retroceso foi especialmente grave nas terras do interior. Pola contra as rexións setentrionais e mediterráneas puideron rematar o século cun balanço positivo. A caída da poboación urbana foi tamén moi acusada. As causas son múltiples: problemas agrarios (malas colleitas, escaseza, carestía e fame); epidemias frecuentes; a expulsión duns 300.000 mouriscos (1609), que afectou especialmente ao reino de Valencia; a emigración ás Indias; as constantes guerras; a expansión do clero...

Á **crise demográfica** engadiuse un grave deterioro das actividades económicas. Os **problemas do sector agrario** foron moi graves. Comezaron xa nas últimas décadas do século XVI e prolongáronse especialmente durante a primeira metade do XVII. A caída xeral da produción atribúese a múltiples causas: rendementos decrecentes, climatoloxía desfavorable, pragas, presión fiscal excesiva, etc. No litoral mediterráneo, a cornixa cantábrica e Galicia, grazas á difusión do cultivo de millo, a recuperación foi notable dende 1640.

As **actividades artesanais** (téxtil, siderurxia, construción naval) sufriron os efectos da recesión xeral. Só no último terzo do século, se albisca unha certa recuperación, especialmente en Cataluña, ligada ao téxtil, ao capital mercantil barcelonés e á produción rural doméstica.

O **comercio** interior debilitouse e os intercambios coas Indias víronse prexudicados polos enfrontamentos bélicos, a crecente autosuficiencia das colonias e a competencia de holandeses, ingleses e franceses.

A **custosa política imperial da monarquía** aumentaba os gastos da facenda real. Mentres minguaban os ingresos. O tesouro tivo que recorrer a custosos **arbitrios**: endebedamento, enaxenación do patrimonio real, **manipulacións monetarias**, etc. As consecuencias destas últimas foron moi graves: inflación, redución dos salarios reais, descapitalización dos sectores produtivos. Nada puido evitar as sucesivas bancarrotas. Só as medidas deflacionarias dos gobernos de Carlos II (1665-1700) permitiron estabilizar o mercado interno e acompañar á recuperación económica.

O reparto desta carga era, ademais, tremendamente inxusto. Castela soportaba a maior parte e fracasaron os intentos de aumentar as achegas dos restantes reinos. Os privilexiados apenas se viron afectados. Mentres a maioría da poboación sufría graves penalidades.

Os problemas políticos: as reformas de Olivares e a crise de 1640.

Durante o século XVII, os Habsburgo hispanos seguiron empeñados no **mantemento da hexemonía continental**. Tras o paréntese *pacifista* de Felipe III (1598-1621) e do duque de Lerma, Filipe IV e o seu valido, o conde-duque de Olivares, retomaron as armas en apoio dos Habsburgo austriacos tras o estourido da **Guerra dos Trinta Anos** (1618-1648).

Olivares pretendeu impoñer un **programa de reformas** que vinculaba o mantemento do prestixio exterior da dinastía coa aplicación dunha serie de reformas internas. Necesitábase conseguir un reparto dos custos da política real entre os diversos estados da monarquía. Isto requiría avanzar na súa uniformización e centralización políticas. Estas intencións plasmáronse na **Unión de Armas** (1625), que pretendía a creación dun exército de reserva de 140.000 homes

sustentado por tódolos reinos da monarquía consonte a súa poboación e riqueza. A súa aplicación encontrou unha forte oposición. Ademais, a entrada de Francia no conflito europeo contra os Habsburgo (1635) agravou as dificultades. A partir de 1640, os problemas multiplicáronse inducendo unha **crise xeral da monarquía**, que estivo a piques de colapsar.

En **Cataluña**, á oposición ás intencións de Olivares no contexto do enfrontamento con Francia desencadearon unha grave revolta que se prolongaría entre 1640 e 1652. En **Portugal**, a rebelión dirixida polo duque de Braganza posibilitou que o reino luso recuperase de feito a súa independencia en 1641. Outras revoltas menores aconteceron en Andalucía, Nápoles, Sicilia, Aragón e Navarra.

O proxecto reformista de Olivares saldouse cun rotundo fracaso. Cando foi destituído en 1643, deixaba a monarquía hispana nunha fonda crise. Na segunda metade do século XVII, o seu devalo político contrastaba co ascenso da Francia de Luís XVI, convertida en potencia hexemónica no continente, de Inglaterra e das Provincias Unidas, grandes potencias marítimas e comerciais.